

Orden del Día Propuesto de la sesión AYT/XGL/14/2016

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dna. Branca Petra Novo Rey
Dna. Concepción Fernández Fernández
D. Xan Xesús Duro Fernández
D. Manuel Dios Diz
Dna. Marta Irene Lois González
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **26 de febreiro de 2016, ás 09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a diversas solicitudes de licenzas.
- 2.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a diversas solicitudes de devolucions de fianzas.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptar a renuncia implícita á licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno de 24.8.15 e autorizar ao interesado a segregación do predio incluído no ámbito da Ordenanza 17 do PXOU da finca nº 2.103 do Plano Xeral de concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal. (LIC/1658/2015).
- 4.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a diversas solicitudes de prórrogas de licenzas.
- 5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de desestimento da

licenza de obras para reforma de vivenda unifamiliar sita na rúa Meixonfrío, 23. (LIC/786/2008).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación de Hostelería Compostela.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á supresión de banda de aparcamento de ORA na rúa García Blanco.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á resolución da cesión efectuada polo Concello á CA de Galicia do local C do Estadio multiusos de San Lázaro e a súa reversión en favor do Concello de Santiago.

9.- Rectificación de erro no expediente de "aprobación da xustificación e o pagamento de subvencións ás asociacións de veciños".

10.- Proposta das concellerías delegadas de Acción Cultural e Relacións Veciñais relativa á aprobación do programa "Imos o baile".

11.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas a axudas do Programa Santiago suma de inclusión social.

12.- Obras para a mellora de mobilidade e accesibilidade barrio Vista Alegre - Fase II

13.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

14.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2016

O Alcalde

Asdo:Martiño Noriega Sánchez